

NOTA INFORMATIVA AXENDA MUNICIPAL

Martes 26

11.30 h.

Na Casa do Concello, recepción ao secretario xeral do Partido Socialista de Uruguay, Eduardo Fernández Arias.

11.40 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Política Lingüística, Manuel Portas, e do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, para presentar a Xornada "Producir, Espallar, Localizar... Software en galego". A xornada, que se celebrara o venres, está organizada polas concellarías de Política Lingüística, Cultura, Educación e Promoción Económica coa colaboración do Proxecto Mancomún.

12.00 h.

No Salón Verde da Casa do Concello **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e de Dolores Mayán, de Ballet Studio Danza, para presentar o último espectáculo desta compañía: "De Meu", que se estrea este xoves no Teatro Principal. Na rolda tamén estará Natalia Iglesias, unha das bailarinas, e Miguel Martín, xerente do IGAEM.

12.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Rehabilitación e Casco Histórico, Mercedes Rosón, sobre a ordenanza xeral para as áreas de rehabilitación integral e sobre a memoria-programa para a 1ª fase da rehabilitación do Polígono de Vista Alegre.

12.00 h.

Nas oficinas do servizo municipal de Deportes en San Lázaro, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Deportes, Manuel Portas, para presentar o Campus de baloncesto Pío XII-Concello de Santiago. Na rolda tamén estará o presidente do C.B. Pío XII, Pedro Caldas.

12.30 h.

Nas oficinas do servizo municipal de Deportes en San Lázaro, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Deportes, Manuel Portas, para presentar a VI Camiñada ao Pedroso. Na rolda tamén estará o presidente do C.D. Fontiñas, Mariano Val.

13.15 h.

Na Fundación Granell, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asistirá á reunión do padroado da Fundación Granell

19.30h

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugurará o curso escolar da Escola Municipal de Música (Colexio Santiago Apóstolo).

20.30 h.

No Salón Nobre da Casa do Concello, recepción aos Bombeiros, Policía Local, Protección Civil, Cruz Vermella e ás empresas concesionarias Aquagest, Urbaser e Cespa, con motivo do traballo realizado na extinción dos incendios.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2006